

ESTREA EN NUMAX: 17.07.2026 | V.O.S.E. | +12 | 83 min

Logo dunha traxedia familiar, os irmáns Ella e Charlie emprenden con seu pai unha viaxe a través do país para coñecer un mundo novo. A medida que se desenvolve a súa aventura, Ella empeza a comprender que as cousas poden non ser o que parecen.

«John Magaro está desgarrador nun drama conciso e conmovedor sobre o dó e a paternidade»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



Nota do director

Por Cole Webley

O guión de *Omaha*, de Robert Machoian, chegou a min nun momento en que sentía a necesidade imperiosa de entregarme por completo a unha película, a unha historia e a uns personaxes cos que conectase profundamente. Aínda que, ironicamente, o único que teño en común coa viaxe destes personaxes é a base sobre a que se constrúe a súa experiencia: o amor familiar.

Esta verdade universal faise máis evidente que nunca nunha historia onde un pai ten que enfrontarse ao impensable polo ben dos seus fillos. Todos somos fillos ou pais. Se tivemos a sorte de ter pais que nos querían e sobrevivimos á relación con eles, por moi complicada que fose está na nosa natureza eterna amar e protexer a eses pais ou eses fillos.

Omaha subliña esa fervorosa natureza humana. É un retrato da humanidade dun pai no peor dos seus momentos. Fun pai case toda a miña vida adulta. Eu tiña 23 anos cando tivemos o noso primeiro fillo. A maior parte do tempo sentínme como un neno criando a outro neno: sen preparación, sen certezas, sen saber moi ben como facelo. Pero en todo momento sentín a verdade máis profunda que coñecía nunca: que faría calquera cousa polos meus fillos.

A nosa sociedade puxo sobre os ombros dos pais e nais o peso de ser os que provén. E, aínda que é un papel que me tomo moi en serio —e que non podería exercer sen a miña muller e o equipo que formamos—, esta película conta unha historia máis profunda. Se fallas como provedor, fallaches como pai? Onde reside o valor verdadeiro do noso amor? E, para rematar, se para darlle ao teu fillo o mellor, tes que tomar unha decisión impensable, poderías tomala? Ou mesmo deberías?

Despois de facer a película, aínda non sei a resposta. O que si sei é que *Omaha* me deu a oportunidade de explorar o nivel máis profundo da paternidade e de enfrontarme a unha realidade que outros pais viviron. A través da súa dor, o seu amor e a súa inimaxinable realidade, a película pon rostro a un momento que ocorreu de verdade. E non podemos arredar a mirada: isto sucedeu na vida real. Quen eran eses pais? A que dificultades se enfrontaban? *Omaha* permitíume ir alén do xuízo irreflexivo e acompañar unha familia na súa viaxe polo oeste estadounidense, rumbo a unha decisión que cambiará para sempre o seu destino.

Publicado en avalon.me